

BIRGIT HEIN: CINE CRU

OLLADAS DE MULLERES NO MUNDO:
CREADORAS GALEGAS DE IMAXE /
HOMENAXE A CHANTAL AKERMAN

25 ANIVERSARIO DO CGAI

JEAN RENOIR (I)

HOMENAXE A MARÍA CASARES

DO TRAZO AO PÍXEL

PLAY-DOC: CHARLES BURNETT

CONTEXTOS: CEMETERY OF SPLENDOR

DESENCADRES

FÓRA DE SERIE: ESTRÉAS

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

CINEMASCAPES

XUNTA DE GALICIA

Esta nova programación do CGAI comprende varios ciclos: Birgit Hein, *Do trazo ao píxel*, Charles Burnett. Tanto Hein como Burnett acompañaranos para manter sucesivos encontros co público. De resto, esta é unha programación marcada por varias efemérides: a propia do CGAI, de cuxa inauguración se cumpren 25 anos; os Premios de Teatro María Casares, co gallo dos cales se organiza unha sesión especial o 29 de marzo dedicada á actriz coruñesa que dá nome a estes prestixiosos galardóns. Coincidindo co aniversario do CGAI, o 15 de marzo presentaranse tres películas recuperadas recentemente con filmacións de Ángel Blanco Villar realizadas entre 1929 e 1931, procedentes todas elas dun depósito de Alberto Martí.

En marzo comeza, outrosí, un pequeno ciclo de homenaxe a Jean Renoir. O CGAI consagroulle, xunto á revista *Nosferatu*, una ampla retrospectiva ao gran cineasta francés hai case dúas décadas. Este novo ciclo comprende varias copias novas, mormente en DCP, mais tamén en 35 mm. Recuperamos, así mesmo, algún dos seus títulos máis ineludibles (*Un día de campo*, *La regla del juego*). Ás dez películas deste mes esperamos sumar outras cinco no programa de maio-xuño.

A programación complementábase coas seccións habituais: *Fóra de serie*, *CGAI jr.*, *Off Galicia* (un programa dedicado a Xacio Baño, outro coa repetición da afamada *Na outra beira das augas grandes*), ademais de *Cinemascajes* e *Desencadres*, esta última cunha nova proxección de obras de Stan Brakhage. As estreos de *Informe general 2: el rapto de Europa* e *La academia de las musas* motivarán a recuperación de películas precedentes dos seus respectivos directores, Pere Portabella e José Luis Guerín: *Informe general sobre algunas cuestiones de interés para una proyección pública* (1977) e *Le saphir de Saint-Louis* (2015) e as *Correspondencias* entre Jonas Mekas e o propio Guerín (2011). A visita de José Luis Guerín cadra cunha charla no Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa o 30 de marzo. Por último, a sección Contextos céntrase este mes na última película de Apichatpong Weerasethakul, *Cemetery of Splendour*, cuxo pase virá precedido da restauración da súa primeira longametraxe (*Mysterious Object at Noon*) e dunha das películas máis significativas dun cineasta co que o realizador tailandés ten moitos puntos en común: David Lynch e a súa *Carretera perdida*.

Agradecementos: Alberto Martí, Premios María Casares/Asociación de Actores e Actrices de Galicia, MAC Gas Natural Fenosa (A Coruña), Javier Trigales, José Luis Guerín, Núria Esquerri, Xacio Baño, Canyon Cinema (San Francisco), Cristóbal Crespo, Emilio Rodríguez Blanco, Raúl Mella/ONG Igualdad Animal, Xavier P.DoCampo.

BIRGIT HEIN: CINE CRU

En colaboración con:

LA CASA ENCENDIDA
CULTURA • SOLIDARIDAD • MEDIO AMBIENTE • EDUCACIÓN

SEVILLA FESTIVAL DE CINE EUROPEO

Colabora: Savinen. Traducciones y subtítulos (www.savinen.com/)

Nada en 1942 en Berlín, Hein é, sen dúbida ningunha, unha das figuras máis importantes da historia do cine experimental. O seu percurso como directora pode dividirse entre os traballos co seu marido Wilhelm Hein (1966-1988) e os filmes asinados en solitario realizados desde 1991 ata o presente. Simultaneamente, a traxectoria profesional de Hein complétase con intenso labor como programadora, difusora e pedagoga do cine experimental e de vangarda. Hein é unha activista do cine experimental, cuxa presenza traspasa a estrita realización de filmes para formar parte da intensa cultura cinematográfica existente derredor do experimental desde os anos sesenta. O obxectivo desta retrospectiva é reivindicarmos o papel de axitadora de Birgit Hein na cultura cinematográfica contemporánea e mais trazarmos unha panorámica do seu traballo, primeiro co seu exmarido, Wilhelm Hein, e soa a partir dos anos 90 do pasado século. Un percorrido cinematográfico que arrinca no cine estrutural e materialista dos seus comezos para ir derivando cara a unha vertente moito máis persoal e política, que non refuga a reflexión sobre o soporte, mais que abraza o

cine ensaio, o diario, ou a etnografía experimental para practicar un cine que explora os límites do propio cine coa finalidade de abordar cuestións íntimas ou sociais, públicas ou privadas. (Gonzalo de Pedro e Miguel Fernández Labayen)

Agradecementos: Birgit Hein, Arsenal-Berlin, Lux (Londres).

OLLADAS DE MULLERES NO MUNDO:
CREADORAS GALEGAS DE IMAXE /
HOMENAXE A CHANTAL AKERMAN

En colaboración con:

CONSELLO DA
CULTURA GALEGA

Como xa vén sendo tradicional no mes de marzo, en colaboración co Consello da Cultura Galega organízase o ciclo *Olladas de mulleres no mundo*, que este ano, ademais das sesións dedicadas a *Creadoras Galegas de Imaxe*, con películas de Diana Toucedo, Illa Bufarda e Xisela Franco, inclúe unha pequena homenaxe á realizadora belga Chantal Akerman (1950-2015) con dúas películas que xiran arredor da súa relación coa nai, *News from Home* (1977), que proxectaremos en versión restaurada, e *No Home Movie* (2015), a súa última longametraxe, presentada pouco antes do seu falecemento en outubro do ano pasado. O ciclo inclúe tamén a polémica *Paulina*, de Santiago Mitre.

Agradecementos: Diana Toucedo, Amarante Compostela, Xisela Franco, Doc and Film (París), Cinematheque Royale de Belgique (Bruxelas).

PLAY-DOC: CHARLES BURNETT

En colaboración: Play-Doc (Tui).

Charles Burnett está considerado por moitos o mellor director negro da historia dos Estados Unidos, como apuntou en varias ocasións o seu principal defensor na crítica, o laureado Jonathan Rosenbaum. Principal cabeza visible da L. A. Rebellion, movemento de cineastas negros dos anos 70-80, que intentou realizar retratos fidedignos da comunidade á que pertencían, lonxe dos estereotipos de Hollywood; Burnett conta cunha obra mestra incontestable. A súa ópera prima, *Killer of Sheep* (1977), incluída pola Biblioteca Nacional do Congreso entre as poucas dignas de preservación polos seus valores artísticos e históricos, definiuse a miúdo coma puro neorealismo á americana. A película é un honesto retrato da clase obreira do barrio de Watts, onde o seu realizador se criou.

Ao longo da súa prolífica traxectoria, Burnett distinguíuse por realizar retratos da súa comunidade que se mostran ao espectador cunha naturalidade e proximidade prodixiosas. Hábil e irónico cronista do seu tempo, definiu con intelixencia os choques de clase en *My Brother's Wedding* (1983); ou a tradición do folclore dos estados do sur en *To Sleep With Anger* (1990), premiada en Sundance e con catro galardóns Spirit do cinema independente, película en que sobresa a unha maravillosa interpretación do seu protagonista, Danny Glover.

Así mesmo interesado na historia da negritude, contou con solvencia historias de escravismo en *Nightjohn* (1996), a loita polos dereitos civís de Martin Luther King en *Selma, Lord, Selma* (1999) ou o levantamento do escravo Nat Turner contra os seus propietarios brancos en *Nat Turner: A Troublesome Property* (2003), película da que o libro tira o seu título. Outra das súas particularidades é o importante papel que xoga a música no seu cine: o jazz e o blues son estilos cuxa presenza é notoria. Por mor disto, o famoso director Martin Scorsese encargoulle dirixir un capítulo da súa serie *The Blues*, centrado na variante do delta do Mississippi, de onde a familia de Burnett é orixinaria, malia el criarse e facer toda a carreira nos Ánxeles. (Víctor Paz Morandeira)

Agradecementos: Charles Burnett, Víctor Paz Morandeira.

DO TRAZO AO PÍXEL. MÁIS DE CEN
ANOS DE ANIMACIÓN ESPAÑOLA

Unha produción de:

CCCB Centre de Cultura
Contemporània
de BarcelonaAC/E
ACCIÓN CULTURAL
ESPAÑOLA

Coa colaboración de Filmoteca Española, Filmoteca de la Generalitat de Catalunya, Movierecord, Tres60 Bcn e Lobster Films.

Do trazo ao píxel. Más de cen anos de animación española xorde do desexo de mostrar nas mellores condicións posibles unha historia pouco coñecida, a do cine de animación español. Películas como *Chico y Rita* (Javier Mariscal, Fernando Trueba e Tono Errando, 2010), *Las aventuras de Tadeo Jones* (Enrique Gato, 2012) ou *Pos Eso* (Sam, 2014) colocan a animación española no mapa internacional, se ben estes exemplos son soamente a punta do iceberg de anos de talento e empeño por crear arte e industria, ás veces contra vento e marea. O ciclo é o resultado dun exhaustivo traballo de investigación, revisión e recuperación do material histórico en diálogo con obras máis recentes.

Del trazo ao píxel é unha coprodución do CCCB e AC/E que recolle unha escolma de películas animadas en distintas técnicas, representativas destes axitados anos que van desde comezos do século XX ata a actualidade. Neste percorrido advírtense algúns temas recorrentes, como o vínculo co mundo da historieta, o reflexo das inquietudes políticas e o diálogo coas artes plásticas.

Esta é unha historia chea de lagoas, con algúns fitos illados (a primeira longametraxe en cor animada europea foi *Garbancito de la Mancha*), mais sementada sobre todo de obras esquecidas que crearon a sensación durante anos de que a animación en España foi un páramo deserto. Nada máis lonxe da realidade. E proba diso é este magnífico programa e a escolla resultante, que procurou incluír obras de todas as décadas e tendencias, ademais de bosquesar a nosa idiosincrasia en toda a nosa pluralidade cultural.

O programa de cine, comisariado por Carolina López, pretende trazar un amplo percorrido a través dunha selección das obras de referencia da animación española de todos os tempos. O ciclo inclúe pezas históricas (desde 1908 deica a fin da ditadura en 1975) e curtametraxes contemporáneas (de 1975 aos nosos días). Para iso restauráronse e dixitalizáronse obras que eran "invisibles" ou de difícil acceso, e fornecéronse os mellores materiais posibles en cada caso.

O programa de cine itinerante abrangue 63 títulos de autores diferentes, ademais dunha selección de 17 spots dos Estudios Moro, e componse de 6 sesións de curtametraxes duns 70 minutos e de 2 sesións de longametraxes. Os filmes proxectanse en soporte vídeo dixital.

Agradecementos: Carolina López, Gloria Vilches/CCCB (Barcelona).



MARTES

marzo

01 19.30 h.
Fóra de serie
Informe general sobre algunas cuestiones de interés para una proyección pública
Pere Portabella, 1977
154'. DCP.

**MÉRCORES**

marzo

02 18.00 e 20.30 h.
Fóra de serie
Informe general II: El nuevo rapto de Europa
Pere Portabella, 2016
126'. DCP.

XOVES

marzo

03 20.30 h.
Birgit Hein
La moderna poesía
(2000)
(+ **Kriegsbilder**, 2006)
77'. Vídeo. Subt. Galego

VENRES

marzo

04 18.00 h.
Birgit Hein
Rohfilm (1968)
Structural Studies (1974)
Wilhelm e Birgit Hein
60'. 16mm.
Presentación: B. Hein.
Entrada de balde.

20.30 h.
Birgit Hein
Baby, I Will Make You Sweat
(1994)
(+ **Abstrakterfilm**, 2013)
71'. 16mm/Vídeo. Subt. Galego.
Presentación: B. Hein.
Entrada de balde.

SÁBADO

marzo

05 18.00 h.
Birgit Hein
Die Unheimlichen Frauen/The Mysterious Woman (1991)
(+ **Frauen Film**, 1986-88)
74'. 16mm. Subt. Galego.
Presentación: B. Hein.
Entrada de balde.

marzo

08 20.30 h.
Olladas de mulleres En todas as mans
Diana Toucedo, 2015
100'. DCP. Presentación: Encarna Otero. Entrada de balde.

marzo

09 18.00
Olladas de mulleres Fíos fóra
Illa Bufarda, 2015
90'. Vídeo. Entrada de balde.

marzo

10 18.00 e 20.30 h.
Olladas de mulleres No Home Movie
Chantal Akerman, 2015
115'. Vídeo HD. Subt. Galego.
Entrada de balde.

marzo

11 18.00 e 20.30 h.
Olladas de mulleres Paulina (La patota)
Santiago Mitre, 2015.
103'. DCP. Entrada de balde.

marzo

12 18.00 h.
Olladas de mulleres Cruz Piñón Santiago, olladas de perfil A última batea (work in progress)
Xisela Franco, 2015
55'. Vídeo HD. Presentación. Entrada de balde.

marzo

15 20.30 h.
25 Aniversario do CGAI Playa de Riazor
Dornier en La Coruña
Sanatorio de Oza y Playa de Lazareto
Ángel Blanco Villar, 1929-1931
38'. 16mm. Presentación. Entrada de balde.

marzo

16 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
Boudu salvado de las aguas (1932)
85'. DCP. Subt. Castelán

marzo

17 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
Un día de campo (1936)
El crimen de Monsieur Lange (1936)
120'. 35mm/DCP. Subt. Castelán.

marzo

18 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
La gran ilusión (1937)
114'. DCP. Subt. Castelán

marzo

19 18.00 h.
CGAI Jr.
O meniño e o mundo
Alê Abreu, Brasil, 2013
80'. DCP. Sen diálogos. (+ 10 anos). Entrada de balde

marzo

22 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
La bestia humana (1938)
100'. DCP. Subt. Castelán.

marzo

23 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
La marselesa (1938)
135'. DCP. Subt. Castelán.



marzo

29 19.30 h.
Homenaxe a María Casares
Los niños del paraíso
Marcel Carné, 1945
190'. DCP. Subtítulos en Galego.
Presentación e coloquio: José Luis Castro de Paz e Sabela Hermida. Entrada de balde

marzo

30 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
La regla del juego (1939)
110'. 35mm. Subt. Castelán

marzo

31 20.30 h.
Fóra de serie
La academia de las musas
José Luis Guerin, 2015
92'. DCP. Subt. Castelán.
Presentación: J.L. Guerin.
Entrada de balde.

abril

01 18.00 h.
Fóra de serie
La academia de las musas
José Luis Guerin, 2015
92'. DCP. Subt. Castelán.

20.30 h.
Fóra de serie
Le Saphir de Saint-Louis
José Luis Guerin, 2015
Correspondencias
Jonas Mekas e José Luis Guerin, 2011
135'. DCP/Vídeo HD. Subt. Castelán.

abril

02 18.00 h.
Off Galicia
Anacos
Entre el relámpago y el trueno
Ser e voltar
Eco
Xacio Baño, 2012-2015
50'. Vídeo HD. Presentación: Xacio Baño. Entrada

abril

05 18.00 e 20.30 h.
Contextos: Cemetery of Splendour
Mysterious Object At Noon
Apichatpong Weerasethakul, 2000
83'. DCP. Subt. Castelán.

abril

06 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
Aguas pantanosas (1941)
88'. 35mm. Subt. Castelán.

abril

07 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
Esta tierra es mía (1943)
103'. 35mm. Subt. Castelán

abril

08 18.00 e 20.30 h.
Jean Renoir
Memorias de una doncella (1946)
86'. DCP. Subt. Castelán.

abril

09 18.00 h.
Desencadres
The Presence (1972)
Tragoedia (1976)
Bird (1978)
The Loom (1986)
Stan Brakhage
90'. 16mm. Entrada de balde.

abril

12 18.00 e 20.30 h.
Contextos: Cemetery of Splendour
Carretera perdida
David Lynch, 1997
134'. 35mm. Subt. Castelán.

abril

13 20.30 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 1: Garabatos
81'. Vídeo HD. Presentación. Entrada de balde.

abril

14 18.00 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 2: Baixo oxugo
68'. Vídeo HD.

20.30 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 3: Tempos modernos
82'. Vídeo HD.

abril

15 18.00 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 4:
Macián, o mestre
76'. Vídeo HD.

20.30 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 5: A pegada do artista
76'. Vídeo HD.

abril

16 18.00 h.
CGAI Jr.
La canción del mar
Tom Moore, 2014
93'. DCP. Versión castelá. (+ 6 anos). Entrada

abril

19 20.30 h.
Charles Burnett
Killer of Sheep (1977)
80'. Vídeo HD. Subt. Castelán. Presentación: Charles Burnett. Entrada de balde.

abril

20 18.00 e 20.30 h.
Charles Burnett
My Brother's Wedding (1983)
(+ **When It Rains**, 1995)
94'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

abril

21 20.30 h.
Charles Burnett
To Sleep with Anger (1990)
102'. DCP. Subt. Castelán

abril

22 20.30 h.
Cinemascapes
Les rendez-vous de Paris
Eric Rohmer, 1995
94'. 35mm. Subt. Castelán.
Presentación: C. Crespo, E.R. Blanco. Entrada de

abril

23 18.00 h.
Fóra de serie
Cowspiracy: The Sustainability Secret
Kip Andersen, Keegan Kuhn, 2014.
85'. Vídeo HD. Presentación. Entrada de balde.

abril

26 18.00 e 20.30 h.
Contextos
Cemetery of Splendour
Apichatpong Weerasethakul, 2015
122'. DCP. Subt. Castelán.

abril

27 18.00 e 20.30 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 6: Humor e masacre
69'. Vídeo HD.

abril

28 18.00 e 20.30 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 7: Destino Hollywood (e máis aló)
57'. Vídeo HD.

abril

29 18.00 e 20.30 h.
Do trazo ao píxel
Sesión 8: A próxima xeración
66'. Vídeo HD.

abril

30 18.00 h.
Off Galicia
Na outra beira das augas grandes
Xabier P.DoCampo, 1982-2015
26'. Vídeo. Presentación: Xabier P.DoCampo. Entrada de balde.

CGAI  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 236 |
marzo
abril | 2016 |

Información xeral

Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación (!) sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada

- Xeral: 1'20 €
- Carné Xove: 0'60 €
- Abono para 10 sesións: 9 €
- As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciarase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións

CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado electrónico*
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

AGADIC 

Agencia Galega das Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA

galicia